




15 oct 2023 · Actualizado a las 05:00 h.



Comentar · 0

Para contar ben hai que ter oficio, pero tamén é moi conveniente en calquera manifestación artística posuír unha sensibilidade especial. E no teatro, independentemente do resultado final, encontramos múltiples ferramentas para desenvolver esa diversidade de sentimentos tan humanos.

Este é un bo resumo. Por exemplo Kukas, que monta *Guernika*, unha xoia de cinco minutos para denunciar os efectos das guerras na natureza, e homenaxear a Picasso, cuns elaborados monicreques que mesmo parecen vivos dentro dun pequeno teatro de guiñol. Ou o clown Guillem Albá que en *Ma solitude* cunhas mans de goma e un moneco consegue tocarnos a fibra e encher de tenrura os corazóns máis duros, como de feito consegue que lle lata a ese monicreque nunha escena que engaiola. E podemos seguir con Caxoto e Gema Santos, que contan en lingua de signos unha historia de amizade e superación para os nenos. Falamos de **inclusión, tan necesaria en todos os ámbitos.**